



Resolución pola que se rectifica un erro na convocatoria da praza 24/7006 (resolucións de 9 e 27 de agosto de 2024) e se ordena a retroacción do procedemento

1º. Por Resolución do 9 de agosto de 2024, rectificada por Resolución de 27 de agosto, convócase un concurso para a contratación laboral de persoal docente, no que se inclúe a praza 24/7006, para a que se esixe como requisito específico o coñecemento de inglés.

2º. Por Resolución do 1 de outubro de 2024 publícase a listaxe de persoas admitidas e excluídas para a praza 24/7006, na que, a causa dun erro cometido na base 2.3 da convocatoria, figuran persoas que non teñen o coñecemento de inglés debidamente acreditado e na que se inclúe a realización dunha proba de idiomas que non está contemplada na normativa vixente.

3º. A xefa de servizo de Persoal Docente e Investigador (PDI) eleva á Vicerreitoría de Profesorado proposta de rectificación de errores na convocatoria no que atinxé á praza 24/7006, ditando nova resolución reitoral que se axuste ao disposto na normativa en vigor, con retroacción das actuacións ao momento anterior á Resolución Reitoral do 27 de agosto de 2024, deixándoa sen efecto así como os actos posteriores que se ditaron no marco deste procedemento, coa devolución das taxas ás persoas que se presentaron ao proceso selectivo e abrindo un novo prazo de presentación de solicitudes para a referida praza.

4º. Dita proposta é publicada no TEO (29/10/2024), abríndose un trámite de audiencia, durante un prazo de dez días hábiles a partir do seguinte ao da publicación, para que as persoas interesadas poidan presentar as alegacións que estimen oportunas.

Nese prazo, presenta alegacións ALEJANDRO GONZÁLEZ CASAL, indicando que a normativa vixente, no artigo 2.1.e), habilita unha alternativa na que o profesorado sen acreditación lingüística inicial requirida pode cumplir co requisito de competencia en inglés tras superar o EMI-UDC dentro dos dous cursos académicos seguintes ao inicio da súa docencia en inglés, polo que solicita que se considere a admisión de candidatos que actualmente non posúan a certificación C1 de inglés, sempre e cando se comprometan formalmente a superar o programa EMI-UDC dentro dos dous cursos académicos seguintes á súa incorporación.

A alegación non pode estimarse por canto o referido apartado e) do artigo 2.1. está contemplado na normativa para o profesorado da UDC, non para as contratacóns de persoal.

5º. Á vista do anterior, procédese a emendar o erro producido nas resolucións citadas anteriormente e, por conseguinte, a ditar nova Resolución reitoral de convocatoria da praza, de data 14 de novembro de 2024, abríndose novo prazo de presentación de solicitudes.

Código Seguro De Verificación	G/1+LrsA/jpTzaQ2VLzo8g==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	27/11/2024 16:24:17
Observacións		Páxina	1/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/G/1+LrsA/jpTzaQ2VLzo8g==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





Así mesmo, procédere á devolución dos importes efectivamente satisfeitos en concepto de dereitos de exame ás persoas que presentaron solicitude de participación para concorrer ao proceso selectivo no que se cometeu o erro, por quedar sen efecto.

Polo exposto, no uso da competencia atribuída pola Resolución reitoral do 10.07.2024, pola que se establece a estrutura orgánica dos servizos centrais da Universidade da Coruña e as competencias dos seus órganos directivos, esta vicerreitoría **RESOLVE**:

1º. Establecer como formas de acreditación da capacidade para impartir docencia en inglés as seguintes, tal como reflicte a normativa reguladora da docencia en inglés nas titulacións da Universidade da Coruña, aprobada polo Consello de Goberno de 18.07.2024) Licenciatura en Lingua Inglesa/Grao en inglés; 2) certificación oficial dun nivel C1 dos títulos recoñecidos na mesa lingüística de inglés da CRUE; 3) mediante un diploma que acredite un nivel de C1 completo do Centro de Linguas da UDC.

2º. Poñer en coñecemento das persoas afectadas a publicación dunha nova convocatoria do concurso público para a contratación de persoal docente e investigador na categoría de profesor/a substituto/a (praza 24/7006), publicada no DOG do 22 de novembro de 2024, na que se establece as formas de acreditación da capacidade para impartir docencia en inglés sinaladas no punto anterior.

3º. Publicar a presente resolución no taboleiro electrónico e na páxina web da universidade, para xeral coñecemento.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer demanda perante o Xulgado do Contencioso-administrativo que resulte competente. Previamente, e con carácter potestativo, poderase interpoñer un recurso de reposición perante esta Reitoría, no prazo dun mes, de acordo con o establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A Coruña, na data da sinatura electrónica

O reitor

PD: A vicerreitoría de Profesorado [RR 10.07.2024]

Teresa López Fernández

Código Seguro De Verificación	G/1+LrsA/jpTzaQ2VLzo8g==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	27/11/2024 16:24:17
Observacións		Páxina	2/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/G/1+LrsA/jpTzaQ2VLzo8g==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

